

CIRCULAR Nº 2

MAGOSTO

Ola a todos e todas! Como xa sabedes acércase a celebración do **Magosto** e do **Samaín**, que terá lugar o **xoves 27 de outubro**.

Queremos manter as **nosas tradicións** e, como en anos anteriores, realizaremos a exposición de **CABAZAS** e **CENTROS DE OUTONO** (este curso será soamente **exposición, non concurso**). Poden traerse ao **centro a partir do martes 25**. Todos os traballos presentados **deberán identificarse cun carteliño** onde apareza claramente o nome do autor ou autora e o curso ao que pertencen.

IMPORTANTE: Lembrámosvos que cada neno ou nena deberá traer unha **presíña de castañas picadas** (por favor **lembrade picalas**) o martes 25 a máis tardar. Con todas as castañas recollidas faremos o Magosto.

Este ano tamén degustaremos chourizos asados visto o éxito que tiveron en cursos anteriores.

AGRADECEMOS á **ANPA** a colaboración no reparto de zume e auga que acompañará á degustación das castañas e chourizo